

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

MELIDE

Publicación da aprobación inicial do regulamento modificado de réxime interno (RRI) da Escola Infantil Municipal de Melide

ANUNCIO: PUBLICACIÓN DA APROBACIÓN INICIAL DO REGULAMENTO MODIFICADO DE RÉXIME INTERNO (RRI) DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL DE MELIDE, PARA A SÚA ADAPTACIÓN AS NORMAS DE FUNCIONAMENTO (RRI) PARA ESCOLAS INFANTÍS ENVIADO POLO SERVIZO DE INSPECCIÓN DE FAMILIA E MENORES.

O Pleno municipal do Concello de Melide, en sesión ordinaria celebrada o día 3 de abril de 2024 adoptou, entre outros, o seguinte **ACORDO**:

(...) **PRIMEIRO**: aprobar inicialmente o Regulamento modificado de Réxime Interno (R.R.I.) da Escola Infantil Municipal de Melide para a súa adaptación as normas de funcionamento (RRI) para escolas infantís, enviado polo servizo de inspección de Familia e Menores que se transcribe no Anexo.

SEGUNDO: someter dita Modificación do Regulamento a información pública e audiencia dos interesados, con publicación no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios do Concello (sede electrónica), polo prazo de 30 días para que os interesados poidan presentar as reclamacións ou suxestións, que estimen oportunas.

TERCEIRO: de non presentarse reclamacións ou suxestións no mencionado prazo, considerárase aprobado definitivamente o Regulamento modificado sen necesidade de acordo expreso polo Pleno.

O Acordo de aprobación definitiva da Modificación do Regulamento, co texto íntegro da mesma, publicarase para o seu xeral coñecemento no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello e no Boletín Oficial da Provincia.

CUARTO: ademais, remitirase á Administración do Estado e ao Departamento correspondente da Comunidade Autónoma, no prazo de quince días, a certificación que acredite a elevación a definitiva da aprobación inicial, así como copia íntegra autenticada do expediente e non entrarán en vigor ata que se publique completamente o seu texto e transcorrese o prazo previsto no artigo 65.2 que é o de 15 días hábiles a partir da recepción da comunicación do acordo de que dispoñen a Administración do Estado e ao Departamento correspondente da Comunidade Autónoma para formular o requirimento por infracción do ordenamento xurídico.

QUINTO: todo elo sen prexuízo, no seu caso, do visado pola Consellería competente. (...)"

Melide, 9 de abril de 2024.

O alcalde, José Manuel Pérez Penas.

2024/2393